

I Certame de Poesía Beatriz da Serra

MICROPOEMAS

BASES

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos IES Escolas Proval (Nigrán) e Terra de Turonio (Gondomar), convocan o I Certame Miñorán de Micropoemas Beatriz da Serra

1. Poderá participar o alumnado dos centros educativos do Val Miñor entre 9 e 20 anos.
2. A participación no certame supón a aceptación destas bases.
3. Os poemas presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, e estarán escritos en lingua galega. Terán unha extensión mínima de 2 versos e máxima de 8. Cada participante poderá presentar un máximo de tres poemas pero só optará a un premio. O poema poderá ir acompañado dunha imaxe.
4. Establécense as seguintes categorías:
 - a -alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria
 - b -alumnado de 1º, 2º, 3º de ESO e de FP básica
 - c -alumnado de 4º de ESO, 1º, 2º de bacharelato e ciclos formativos.
5. As obras propostas enviaranse ao correo: poesiamiñora@gmail.com. O envío conterá dous documentos: nun o poema ou poemas que se presentan ao certame en formato PDF (deberán levar un título ou lema). Noutro, tamén en formato PDF, figurarán o título da obra presentada e os datos persoais da autora ou o autor
6. (nome e apelidos, idade, centro de estudos, teléfono de contacto, correo electrónico e enderezo).
7. A data límite para a presentación dos poemas será o 17 de maio de 2020 ás 23:59 horas.
8. O xurado estará composto por cinco especialistas en literatura galega.
9. Os poemas premiados serán publicados nas webs dos centros convocantes e enviados aos medios dixitais do Val Miñor. Tamén faremos unha publicación impresa, que servirá para lembrar a Beatriz da Serra -a baionesa que se carteu en galego co Conde de Gondomar- e para a difusión dunha selección dos poemas presentados.
10. Establécense os seguintes premios en cada categoría:
 - 1º premio: dotado con dúas antoloxías poéticas das voces máis novas, certificación acreditativa, unha peza cerámica conmemorativa de Antón Román e mais dez exemplares da publicación dos poemas do certame.
 - 2º premio: dotado con dúas antoloxías poéticas das voces máis novas, certificación acreditativa e mais dez exemplares da publicación dos poemas do certame.
11. O fallo do xurado será inapelable e farase público nas webs dos centros organizadores na semana seguinte ao peche do certame.
12. Os premios serán entregados nun acto poético organizado polos centros convocantes.
13. Se o xurado o considera, poderá quedar algún premio deserto. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.